



XUNTA
DE GALICIA

PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA 2025-2030

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE



ÍNDICE

1. Introducción	Páx. 2
2. Acrónimos, abreviaturas e definicións	Páx. 4
2.1. Acrónimos e abreviaturas	Páx. 4
2.2. Definicións	Páx. 6
3. Resumo executivo	Páx. 8
3.1. Resumo Execución do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024	Páx. 8
3.2. Outros logros acadados	Páx. 13
4. Contexto da Inspección Ambiental	Páx. 15
4.1. Problemática ambiental	Páx. 15
4.2. Contexto normativo	Páx. 19
4.3. A organización	Páx. 21
4.4. Redes de inspección	Páx. 23
4.5. Coordinación, colaboración e cooperación	Páx. 24
5. Planificación	Páx. 26
5.1. Bases da planificación	Páx. 26
5.2. Ámbito de aplicación	Páx. 27
5.3. Obxectivos	Páx. 29
5.4. Tipos de inspección	Páx. 30
5.5. Estrutura do Plan de Inspección ambiental	Páx. 31
5.6. Programas de inspección ambiental	Páx. 40
5.7. Protocolos de inspección ambiental	Páx. 41
5.8. Seguimento e avaliación: memorias e indicadores ambientais	Páx. 42
5.9. Aprobación, revisión, actualización e publicidade	Páx. 47
6. Avaliación de riscos ambientais	Páx. 49
6.1. Instalacións IPPC con AAI	Páx. 49
6.2. Instalacións de xestión de residuos (excepto vertedoiros)	Páx. 50
6.3. Vertedoiros	Páx. 51
6.4. Traslado transfronteirizo de residuos	Páx. 51
6.5. Outras Actividades	Páx. 51
Anexo I: Normativa ambiental	Páx. 52
Anexo II: Rexistros de actividades	Páx. 69
Anexo III: Tipos de inspección	Páx. 70
Anexo IV: Clasificación de desviacións ambientais e cálculo do grao de cumprimento ambiental	Páx. 72
Anexo V: Avaliación de riscos ambientais de actividades IPPC con AAI	Páx. 75
Anexo VI: Avaliación de riscos ambientais de actividades de xestión de residuos (excepto eliminación en vertedoiro)	Páx. 87
Anexo VII: Avaliación de riscos ambientais para o control transfronteirizo de residuos	Páx. 93



1. INTRODUCCIÓN

Hai case trinta anos, a Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, regulaba a organización dunha inspección ambiental unificada para Galicia, coordinada polo órgano ambiental. Esta organización desenvolveuse mediante o Decreto 156/1995, de inspección ambiental. Neste decreto xa se indicaban algunhas cuestións sobre a actividade planificada de inspección.

A inspección foi evolucionando ao longo dos anos adaptándose novas normativas que se ían desenvolvendo na materia e ás recomendacións establecidas pola Comisión Europea, así coma os avances tecnolóxicos que foron aparecendo para o control de actividades.

A Recomendación do 4 de abril de 2001 sobre criterios mínimos das inspeccións ambientais nos Estados Membros (2001/331/CE) dispón que a acción da inspección ambiental debe ser planificada. Esta recomendación se reflicte e incorpora as novas normativas de prevención e control integrados da contaminación e de control de traslados internacionais de residuos.

A partir da entrada en vigor da normativa de prevención e control integrados da contaminación e de traslados internacionais de residuos comeza a esixirse o que xa antes era recomendado, a planificación da actividade de inspección ambiental.

O Real Decreto 815/2013, de emisións industriais, incorpora a definición de Plan de inspección ambiental como o "conxunto de obxectivos e actuacións definidas polas autoridades de inspección, ao longo dun determinado período de tempo, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable".

A nivel galego, é precisamente neste ano 2013 no que se adapta e sistematiza a planificación da inspección ambiental en Galicia co Plan de inspección 2013-2018 que tivo continuidade co Plan 2019-2024.

Paralelamente, desenvolveuse o Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, que recolle un contido mínimo dos plans de inspección ambiental, incorporando os requirimentos da normativa desenvolta, recollendo e ampliando os contidos xa establecidos noutras normas estatais e europeas.

No ano 2017 iniciouse a implantación do sistema de xestión de calidade da Inspección Ambiental de Galicia. Acadouuse a certificación segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 para a Inspección Ambiental de Galicia en decembro de 2018. Desde entón o sistema segue evolucionando e servindo de marco para a actividade inspectora a través de procedementos e protocolos en continua revisión, de xeito coherente coa planificación desenvolta, axudando a sistematizar todas as múltiples tarefas que require o proceso de inspección.



O Decreto 102/2023 do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da comunidade autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental establece o marco polo que as entidades de colaboración ambiental poden prestar colaboración nas funcións de inspección ambiental. No seu artigo 29 regúlase o marco desta colaboración. Esta nova situación debe terse en conta na planificación da inspección e dos programas anuais, xa que estas entidades non teñen atribuídas competencias de inspección pero poden prestar unha axuda importante nalgunhas das tarefas que se realizan durante estas.

Tras toda a experiencia acumulada, estase a punto de comezar o terceiro ciclo de inspección. A estrutura deste novo plan adáptase ao decreto de inspección ambiental e axústase á planificación estratéxica desenvolta pola Xunta de Galicia en materia medioambiental.

Para dotar de máis flexibilidade ao Plan, neste período refórzase a importancia do sistema de xestión da calidade da Inspección Ambiental de Galicia, no que se actualizarán e desenvolverán protocolos e procedementos.

Así pois, este novo Plan da continuidade ao camiño percorrido ao longo dos anos, e responde a obriga legalmente establecida de dispoñer dun plan de inspección ambiental, pero tamén ao propio convencemento da Administración Pública Galega da súa importancia e necesidade, así como á forte demanda social de impulsar mecanismos que garantan a protección da saúde humana e do medio ambiente, valores estes que se están a percibir polo conxunto da poboación como en risco ou ameazados.



2. ACRÓNIMOS, ABREVIATURAS E DEFINICIÓNS

2.1. ACRÓNIMOS E ABREVIATURAS

AAI:	Autorización Ambiental Integrada
AEMA:	Axencia Europea do Medio Ambiente
AELC:	Asociación Europea do Libre Comercio
DEI:	Directiva de Emisións Industriais
DEI 2.0:	Modificación de 2024 da Directiva de Emisións Industriais
EIONET:	Rede Europea de Información e Observación do Medio Ambiente
EEE:	Espazo Económico Europeo
Hab:	Habitantes
IC:	Criterio de impacto
IGE:	Instituto Galego de Estatística
IMPEL:	Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental (<i>Implementation and Enforcement of Environmental Law</i>)
INE:	Instituto Nacional de Estatística
IPPC:	Prevención e control integrados da contaminación
IRAM:	Método Integrado de Avaliación de Risco
ISO:	Normas técnicas internacionais da Organización Internacional de Normalización (<i>International Organization for Standardization</i>)
LMAG:	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
MTDs:	Mellores Técnicas Dispoñibles
OCA:	Organismo de Control Autorizado
ODS:	Obxectivos de desenvolvemento sostibles
OPC:	Criterio de comportamento do operador
PCV:	Plan de Control de Vertidos



PNUMA:	Programa para o Medio Ambiente de Nacións Unidas
PRIGA:	Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia
PRMGA:	Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2030
PRTR:	Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes
RCDs:	Residuos de construción e demolición
REDIA:	Rede de Inspección Ambiental de España
RD:	Real Decreto
RDL:	Real Decreto Lexislativo
SEPRONA:	Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil
SOER:	Informe "O Medio Ambiente en Europa: estado e perspectivas"
SXC:	Sistema de Xestión da Calidade
SXMA:	Sistema de Xestión Medioambiental
TFS:	Traslados Transfronteirizos de Residuos
UE:	Unión Europea
UNE-EN:	Normas españolas creadas nos Comités Técnicos de Normalización
UPA:	Unidade da Policía Autonómica de Galicia



2.2. DEFINICIÓNS

Autorización Ambiental Integrada	Resolución escrita do órgano competente da comunidade autónoma na que se localice a instalación, polo que se permite, aos efectos da protección do medio ambiente e da saúde das persoas, explotar a totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que cumpre o obxecto e disposicións do RDL 1/2016 e o RD 815/2013 de IPPC. En Galicia outórgase por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
CAMGAL	Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia.
Desviación ambiental	Todo incumprimento dos condicionantes da autorización ambiental (incluídos os referentes á normativa ambiental que lle sexa de aplicación dentro da propia autorización) ou situación que aínda non incumprindo os condicionantes pode supoñer un risco ambiental.
Emisión	A expulsión á atmosfera, á auga ou ao solo de sustancias, vibracións, calor ou ruído procedentes de forma directa ou indirecta de fontes puntuais ou difusas da instalación.
eSIR	Plataforma electrónica de xestión de residuos do Ministerio con competencias en medio ambiente (https://servicio.mapama.gob.es/esir-web-adv/).
GAIA	Plataforma Galega de información ambiental (https://gaia.xunta.es). Futuro portal único de acceso a todas as aplicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
Informe de inspección IPPC	Informe realizado polo persoal inspector tras realizar unha inspección de verificación ambiental no que se incluírán as conclusións relativas ao cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada pola instalación, así como respecto a calquera ulterior actuación necesaria.
Inspección ambiental	Toda acción levada a cabo pola autoridade competente ou no nome desta co obxecto de comprobar, fomentar e asegurar a adecuación das instalacións e actividades susceptibles de afectar negativamente o ambiente ás condicións contidas nos instrumentos preventivos ambientais ou nas normas ambientais, e controlar, se for o caso, a súa repercusión ambiental.
Mellores Técnicas Disponíbles	A fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostren a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír a base dos valores límite de emisión e outras condicións da autorización destinadas a evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir as emisións e o impacto no conxunto do medio ambiente e a saúde das persoas.
Persoal inspector ambiental	Persoal funcionario autonómico acreditado pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar inspeccións ambientais.



Plan de inspección ambiental	Conxunto de obxectivos e actuacións definidas pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.
Programa de inspección ambiental	Documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.
Residuo	Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar, de acordo coa lexislación básica.
Sistema de inspección ambiental	Conxunto suficiente e axeitado de medios persoais e materiais dependentes da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar con eficacia os labores de control e inspección ambiental, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un axeitado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.
Subprograma de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as actuacións contidas no programa de inspección ambiental. Distínguese pola súa permanencia ao longo do tempo, polo carácter xeral do seu contido e porque pode incluír unha ou varias campañas de inspección.
TRANSGAL	Plan especial de Protección Civil fronte a emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia.
Valores límite de emisión	A masa ou a enerxía expresada en relación con determinados parámetros específicos, a concentración ou o nivel dunha emisión, onde o valor non debe superarse dentro dun ou varios períodos determinados.
Verificación ambiental	Inspección ambiental programada de avaliación do cumprimento da AAI dunha instalación sometida á normativa IPPC.



3. RESUMO EXECUTIVO

A obriga de desenvolver un Plan de Inspección afecta a todos os países membros da UE, e aparece recollida en diversos textos legais que forman parte do acervo comunitario.

O presente Plan, configúrase como un documento marco de carácter plurianual 2025-2030, no que se sinalan as orientacións estratéxicas e a metodoloxía a empregar no desenvolvemento das competencias en materia de inspección ambiental en Galicia.

Trátase do terceiro plan plurianual aprobado en Galicia e dende o primeiro plan incrementáronse, de acordo coa normativa europea e estatal, os plans específicos a desenvolver.

No primeiro plan, o Plan 2013-2018, a actividade da inspección dividiuse en 3 plans específicos: actividades sometidas a IPPC, actividades non sometidas a IPPC, control de traslados de residuos transfronteirizos.

No plan 2019-2024 ademais dos tres plans específicos do anterior plan, incrementouse un plan específico de vertedoiros, seguindo a normativa europea.

Como resultado das actuacións realizadas nestes últimos anos e, seguindo as directrices da Lei 7/2022 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e do Plan sectorial de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2023-2030 (PRIGA), considérase engadir no novo plan plurianual un plan específico de xestores de residuos, dado a súa importancia e relevancia ambiental, seguindo a metodoloxía dos outros plans específicos.

O PRIGA ten por finalidade promover unha política adecuada na xestión dos residuos industriais, diminuindo a súa xeración e impulsando un correcto tratamento en consonancia coas políticas de loita contra o cambio climático e de avance cara unha economía circular. O seu ámbito de aplicación esténdese a todos os residuos industriais definidos na Lei 7/2022, como os resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento, xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal, tanto de carácter perigoso coma non perigoso.

Todos os anos elaboraranse os Programas de Inspección ambiental en base ao Plan de Inspección Ambiental.

3.1. RESUMO EXECUCIÓN DO PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2019-2024

Neste apartado vaise realizar un resumo do traballo realizado e os aspectos mais destacados do Plan de Inspección ambiental 2019-2024, cos datos obtidos a data de outubro do 2024.



No primeiro semestre do 2025 elaborárase un documento co balance do Plan 2019-2024 onde se indicará o realizado, os obxectivos acadados e conclusións.

No período 2019-2024 realizáronse un total de **7.940 inspeccións**.


Inspeccións realizadas no período 2019-2024		
Plan	Programadas	Non Programadas
Actividades IPPC	570	267
Actividades non IPPC	5.692	1.268
Trasfronteirizos	140	3

Neste período contouse coa colaboración da UPA e de OCAs para a realización de inspeccións a actividades de produción e xestión de residuos. Neste período a UPA realizou un total de 5.800 inspeccións e as OCAs un total de 160 inspeccións. Esta colaboración facilitou que os inspectores ambientais se centraran nas inspeccións a actividades IPPC, control de traslados de residuos e a sectores de relevancia medioambiental.

3.1.1. Instalacións IPPC

Realizáronse un total de 570 inspeccións programadas, para comprobar que cumpren os condicionantes da AAI, e 267 inspeccións non programadas.

Na seguinte gráfica indícase o número de inspeccións programadas IPPC (chamadas verificacións ambientais) por sector:



Neste período compróbase que un 57% das instalacións IPPC melloraron o grao de cumprimento da AAI.

Só nun 7% das instalacións atópanse desviacións moi relevantes para o medio ambiente.

3.1.2. Control transfronteirizo de residuos

Realizáronse un total de 143 inspeccións, das cales 3 foron non programadas.

Na seguinte táboa reflíctense o número de inspeccións por tipo de inspección.

Inspeccións transfronteirizas programadas	
Operadores	85
Estradas	49
Portos	5
Estación Renfe	1

Neste período incrementouse as inspeccións aos operadores para comprobar a correcta xestión documental dos traslados realizados.

3.1.3. Vertedoiros

Realizáronse un total de 85 inspeccións.

Na seguinte táboa reflíctense o número de inspeccións por tipo de inspección:

Inspeccións realizadas no período 2019-2024		
Plan	Programadas	Non Programadas
Vertedoiros IPPC	15	50
Vertedoiros non IPPC	15	5


Ademais, a UPA realizou neste período un total de 21 inspeccións a vertedoiros selados de residuos urbanos., para comprobar o mantemento dos ditos vertedoiros selados, tal como indica a normativa ambiental.

Indicar que aos vertedoiros IPPC realízanse tamén verificacións ambientais, para comprobar que cumpre os condicionantes da autorización ambiental integrada.

Realizouse tamén un número importante de inspeccións non programadas, a maioría para comprobar o seguimento do selado e construción de vasos de vertido e por denuncias recibidas como consecuencia do rexeite social deste tipo de instalacións.

3.1.4. Instalacións non IPPC

Na seguinte táboa reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades programadas non IPPC.




Ademais, a Policía Autonómica realizou neste período un total de 1.025 inspeccións a talleres e 3.979 inspeccións a vertedoiros incontrolados.

En concreto, coas inspeccións a talleres conseguiuase que este sector mellorase o seu cumprimento ambiental, mellorando o almacenamento e xestión dos residuos xerados, e actualizando as inscricións de residuos ás que obriga a normativa.

En relación coas inspeccións a puntos de vertidos incontrolados conseguiuase que a maioría dos puntos localizados foran limpados e a maioría son residuos asimilables a urbanos.


3.1.5. Balance por vector e sector ambiental

Na seguinte gráfica reflíctense o número das inspeccións realizadas neste período por vector ambiental.



Compróbase que a maioría son inspeccións por materia de residuos (un 82%) e por materia de IPPC (14%).

Na seguinte gráfica desglósase o número de inspeccións realizadas por materia de residuos por sector ambiental:



Compróbase que a maioría son inspeccións a xestores (un 48%) e un 4% se realizaron para dar de baixa unha autorización.

Por este motivo neste novo Plan plurianual realizarase un plan específico a xestores con similitude o plan específico de instalacións IPPC cun índice de risco e periodicidade, co obxectivo de realizar como mínimo unha inspección a tódolos xestores neste período para comprobar que cumpre a normativa ambiental.

3.1.6. Cumprimento das liñas estratéxicas e obxectivos do Plan

A continuación indícase a situación actual dos obxectivos plantexados no Plan 2019-2024:

Obxectivo	Alcance e Situación actual
Garantir o cumprimento da normativa ambiental das instalacións IPPC	Superouse o 80% das inspeccións programadas anuais das instalacións con AAI nos seis anos. Co control e seguimento destas instalacións comprobouse que ditas instalacións melloraron o grao de cumprimento da AAI.
Garantir o cumprimento da normativa ambiental das instalacións non IPPC	Coa colaboración da UPA, realizáronse inspeccións a sectores como: centros de tratamento de vehículos fora de uso, lodos, xestores e produtores de residuos da construción, pneumáticos, talleres. Nestas inspeccións comprobouse a mellora destas instalacións.
Garantir o cumprimento da normativa ambiental sobre traslados transfronteirizos de residuos	Neste plan incrementouse as inspeccións realizadas a operadores, co obxectivo de que cumpran a normativa.

Identificación e regularización das actividades non legalizadas	Coa colaboración da UPA conseguiuuse que no caso dos talleres actualmente a maioría deles están regularizadas ambientalmente e melloraron o almacenamento e xestión dos residuos. Ademais tamén comprobouse unha diminución dos puntos de vertidos incontrolados de residuos, a maioría residuos de construción e asimilables a residuos urbanos.
Promover a calidade e mellora continua da inspección ambiental	Neste período impartíronse 9 cursos para os inspectores e 3 cursos para a UPA.
Participación en REDIA e IMPEL	Ademais da participación nos plenarios de REDIA, Galicia participou en catro proxectos.
Incrementar a capacidade da inspección ambiental	Neste período implantouse a plataforma electrónica GAIA: - Co módulo eInspeccións conseguiu unha mellora na informatización das inspeccións. - Co módulo eResiduos mellorou a trazabilidade dos residuos o que permitiu un mellor control por parte da inspección ambiental.
Xestión de denuncias e accidentes con afeccións ambientais	Obsérvanse ao longo dos anos que as denuncias pasan de denuncias de particulares a denuncias colectivas ou de asociacións. A maioría delas son por mala xestión de residuos e a problemática "social" que se observa dos vertedoiros. A inspección ambiental incrementou o número de inspeccións a ambos sectores.

3.2. OUTROS LOGROS ACADADOS

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático desenvolveu durante o tempo de vixencia do Plan unha serie de medidas normativas e tecnolóxicas que vexen reforzar as posibilidades de acción da inspección ambiental.

Entre estas medidas cabe destacar:

◀ Neste período publicouse a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

O aspecto máis destacable desta norma desde o punto de vista da inspección ambiental é que establece o uso obrigatorio da plataforma GAIA para os suxeitos produtores e xestores con instalacións no territorio galego para o cumprimento das súas obrigas, tanto respecto dos movementos de residuos realizados dentro da comunidade autónoma como dos movementos de residuos realizados entre comunidades autónomas.

◀ Relacionado coa Lei 6/2021, mellorouse a trazabilidade para o control de residuos mediante a plataforma GAIA, ademais de mellorar a actividade da inspección ambiental cunha aplicación específica dentro de dita plataforma.



- ◀ Coa publicación no ano 2024 dun novo contrato para mellorar a plataforma e implantar o novo módulo para o seguimento das instalacións IPPC, estímase que se vai a mellorar a eficacia e eficiencia tanto na inspección ambiental como no traballo do órgano autorizante. Este novo contrato tamén recolle melloras no módulo de inspección ambiental que facilitarán as tarefas a realizar.
- ◀ A publicación do Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, supón unha actualización no marco da inspección ambiental de Galicia, adaptándose ás novidades legislativas ao longo dos últimos tempos.



4. CONTEXTO DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

4.1. PROBLEMÁTICA AMBIENTAL

O ámbito territorial do Plan abrangue toda Galicia, sendo de importancia para a planificación o coñecemento da estrutura territorial e poboacional.

Galicia ocupa unha extensión de 29.574,4 km² e unha poboación total de 2.699.424 habitantes (IGE. Censo 2023).

Administrativamente, está constituída por catro provincias, cun total de 313 concellos.

Os datos amosan un proceso de perda de poboación na maior parte dos concellos rurais e o mantemento ou crecemento dos concellos máis grandes (ciudades, cabeceiras comarcais e concellos periurbanos). Esta concentración da poboación vai asociada a distintos factores socioeconómicos: actividade industrial, abandono da actividade agrícola, concentración da actividade comercial.

En Galicia, a densidade media sitúase en 91 hab/km² (inferior aos 96 hab/km² do conxunto de España), aínda que presenta diferenzas moi importantes entre as provincias de Pontevedra e A Coruña, con respecto ás de Lugo e Ourense, así como dentro de cada provincia, entre uns concellos e outros.

Galicia presenta unha característica peculiar dentro do conxunto de España, xa que conta cun total de 30.377 entidades singulares de poboación, o que amosa o espallamento da poboación polo territorio. A distribución destas entidades, por tamaño poboacional, é a seguinte:

Menos de 100 habitantes	27.623 entidades
De 101 a 999 habitantes	2.553 entidades
De 1.000 a 2.999 habitantes	123 entidades
De 3.000 ou máis habitantes	81 entidades

A dispersión poboacional é importante, e condiciona as diferenzas nos usos da terra e distribución de actividades económicas.

A análise territorial e sociodemográfica do medio permite comprobar que tanto a poboación como a industria non están igualmente distribuídas por toda Galicia, existindo unha maior concentración no eixo Ferrol-Tui, e nas áreas metropolitanas e algunhas cabeceiras comarcais do interior.

Todo condiciona as posibles afeccións ao medio ambiente nas distintas partes do territorio galego.



A nivel global o Programa para o Medio Ambiente de Nacións Unidas (PNUMA) é a autoridade ambiental líder no mundo. Xa leva advertindo desde hai tempo que nos enfrontamos a unha tripla crise planetaria polo cambio climático, a perda de recursos naturais e biodiversidade e a contaminación e os residuos.

En base a isto promoveu os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), adoptados pola Asamblea Xeral de Nacións Unidas no ano 2015.

Desde o ano 2019 publícanse os informes estatais de progreso da Axenda 2030 en España. Ademais, introducíronse os indicadores de desenvolvemento sostibles como operacións estatísticas do Instituto Nacional de Estatística. A evolución dos obxectivos macro presenta con carácter xeral tendencias estables ou lixeiramente favorables.

A Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA) constituída pola UE en 1993 ten como misión proporcionar aos Estados Membros información obxectiva, fiable e comparable, a nivel europeo, que lles permitan tomar as medidas precisas para a protección do medio ambiente e o avance cara a sostibilidade, avaliar a aplicación das medidas adoptadas e garantir unha información óptima á cidadanía.

Para levar a cabo este obxectivo, a organización e estrutura da AEMA ten asociado unha Rede Europea de Información e Observación do Medio Ambiente (EIONET). Esta Rede, na que participan máis de 300 institucións de toda Europa, está configurada coas distintas redes nacionais postas en marcha polos propios países para este fin. A nivel nacional, conta coa participación das institucións ambientais das comunidades autónomas.

Un dos principais focos de traballo da AEMA é a elaboración de informes de situación ambiental en Europa e nos Estados Membros, así como a recomendación de fontes bibliográficas fiables en materia medioambiental. Toda esta información permite unha visión da problemática ambiental.

Así, elabora un Informe cada cinco anos no que se avalía en profundidade o estado do medio ambiente en Europa. O último informe publicado é o SOER 2020.

Non resumo executivo do SOER 2020 indícase que se identifican graves lagoas entre o estado do medio ambiente e os actuais obxectivos das políticas da UE a curto e a longo prazo. Os cidadáns aspiran a vivir nunha contorna saudable e débese atender ás súas expectativas, o que esixirá un novo enfoque que sirva de pedra angular tanto ás políticas da UE como ás nacionais.

Estes problemas globais tamén se atopan en maior ou menor medida a nivel galego.

Pásase a describir de xeito resumido a situación ambiental de Galicia no ámbito de actuación do plan de inspección:



SITUACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PLAN DE INSPECCIÓN

Calidade das augas	Segundo constan nos plans hidrolóxicos estase a evolucionar favorablemente nos requirimentos da Directiva marco de augas. A maior parte das masas de auga de Galicia presentan estado favorable en relación aos obxectivos medioambientais marcados pola planificación hidrolóxica. O principal reto é conseguir que a totalidade das masas de auga alcancen o cumprimento destes obxectivos medioambientais, mediante a execución dos programas de medidas e a acción coordinada dos órganos administrativos para a vixilancia e control das presións puntuais e difusas.
Calidade do aire	Dos informes anuais publicados por Meteogalicia despréndese que as principais problemáticas en relación á calidade do aire aparecen na contorna das grandes cidades, e especialmente nas que tamén existen zonas industriais. No último informe non houbo superacións dos valores límite para ningún parámetro avaliado pero si que se dan superacións do valor limiar superior para algúns contaminantes, principalmente partículas e NO₂, nas dúas principais aglomeracións urbanas e nalguna zona industrial. Mención aparte merece o caso do ozono, xa que a dinámica deste contaminante é distinta dos outros e moi relacionada coa situación meteorolóxica. As liñas estratéxicas de actuación cara a descarbonización e a mobilidade sostible e o incremento dos controis nas instalacións industriais unen esforzos cara a mellora da xa de por si boa situación da calidade do aire galego.
Xestión de residuos	Os instrumentos de planificación en materia de residuos realizan un diagnóstico da situación actual. Nos devanditos plans ponse de manifesto a necesidade de seguir traballando na mellora da recollida selectiva de residuos municipais así como a disociación entre crecemento económico e xeración de residuos, de xeito que a porcentaxe de reciclaxe siga incrementando nestes anos e así acadar os obxectivos establecidos nos plans autonómicos en materia de residuos, o PRIGA e o Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia 2030 (PRMGA). A obriga de recollida selectiva para novas fraccións de residuos (téxtil ou aceites de cociña usados, entre outros), o desenvolvemento de proxectos de valorización e novas infraestruturas de tratamento de residuos industriais, a mellora nos trámites necesarios para acadar a fin de condición de residuo e a condición de subproduto que permitirá a reintrodución no mercado destes fluxos de materiais con todas as garantías ambientais permitirán avanzar nos obxectivos de economía circular. A labor de vixilancia e control da actividade de xestión de residuos é unha parte fundamental para garantir que este sector, esencial no desenvolvemento desta economía de circularidade, realice a súa actividade dentro do marco normativo que lle corresponde. Por outra banda, atópanse con certa frecuencia vertidos ilegais de residuos, principalmente domésticos e residuos de construción e demolición, que son abandonados en lugares dispersos por toda a xeografía galega. A prevención e control destas situacións supón un esforzo importante para a inspección ambiental e as entidades municipais.



Sector agrario	Este sector é un motor económico e social de gran importancia na estrutura socio-económica de Galicia, con relevancia na promoción o emprego, o crecemento e o desenvolvemento local nas zonas rurais. É tamén o uso do territorio máis relevante en superficie despois do forestal. Non cabe dúbida de que as actividades que integran este sector poden presentar implicacións ambientais positivas, e de feito algúns dos valores naturais máis destacados do medio galego están ligados a explotacións extensivas de este sector. Non obstante, existen interaccións negativas co medio ambiente relacionadas co potencial emisión de contaminantes do aire, solo e auga, así como a dificultade de xestión da gran cantidade de dexeccións gandeiras nun contexto de perda de superficie agraria útil, que amosan a necesidade de seguir mellorando na implantación das boas prácticas agrarias. Nos últimos anos detéctase unha intensificación dalgúns subsectores gandeiros. Neste contexto, a normativa ten evolucionado cara a un maior control ambiental deste tipo de instalacións, pero esta evolución leva aparelada unha complexidade administrativa que fai necesario a implantación de ferramentas de apoio e desenvolvemento de guías e instrucións que poidan servir de axuda ao sector no cumprimento dos condicionantes ambientais. É primordial avanzar na coordinación entre departamentos e o establecemento de liñas de traballo para axudar na mellora do comportamento ambiental destas instalacións. Os requirimentos da nova PAC veñen a reforzar os condicionantes ambientais en aras a minimizar as posibles afeccións ao territorio deste sector.
Sector industrial	O sector industrial é o segundo de Galicia por nivel de ocupación, despois do sector servizos. É un sector fundamental para o desenvolvemento económico e social, que está a evolucionar notablemente nos obxectivos de desenvolvemento sostible. Non obstante, este sector presenta unha potencial afección a todos os vectores ambientais e por iso está sometido a unha normativa ambiental moi específica. Unha parte das instalacións industrias galegas está afectada pola normativa de prevención e control integrados da contaminación. Nestas actividades concéntrase a maior carga de inspección ambiental. Tense detectado unha mellora xeral do grao de cumprimento da normativa ambiental por parte destas empresas, pero débese traballar cara un cumprimento total dos requisitos ambientais. En relación ao resto das actividades non afectadas pola normativa IPPC, existe unha regulación do control de emisións á atmosfera e de vertidos, que establece a vixilancia e control destas instalacións. Tamén existe unha avaliación indirecta destas actividades a traveso do control da calidade das augas e do aire e da produción e xestión de residuos, que reflicten unha situación cunha evolución favorable pero con oportunidades de mellora tal coma se describe nos apartados anteriores.
Outras afeccións	O territorio galego vese en ocasións afectado por problemas ambientais derivados de distintas situacións, como son os incidentes ou accidentes con afección ambiental, accidentes industriais ou relacionados co transporte terrestre e marítimo de mercancías. Para minimizar estas afeccións desenvólvese planificación específica en materia de emerxencias, na que se incorpora a coordinación entre departamentos para dar resposta axeitada a estas situacións. Mostra de isto son os plans TRANSGAL,

CAMGAL e o Plan de Control de Vertidos, que organizan a resposta a determinadas continxencias ou incidencias con posible afección ao medio ambiente. O incremento da mobilidade da cidadanía por todo o territorio galego, a valoración cada vez maior dos espazos naturais, a mellora dos medios telemáticos e o incremento da concienciación da cidadanía con respecto á problemática ambiental se reflicte en alertas, queixas e denuncias con contido ambiental que se recollen a traveso das distintas canles habilitadas polos departamentos de medio ambiente e emerxencias. En relación ás queixas e denuncias en materia ambiental recibidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a tendencia é variable pero estable ao longo dos últimos anos e os ámbitos principais son en materia de residuos, vertidos e molestias. Dáse resposta a estas sempre, respectando as competencias administrativas dos distintos departamentos implicados segundo a afección.

O desenvolvemento de nova normativa europea e estatal en liña coas políticas medioambientais europeas está a supoñer na práctica unha situación de complexidade administrativa na que tanto as instalacións coma a propia administración ambiental vense sobrecargadas. En ocasións faise complicado establecer prioridades, tanto a nivel empresarial como de control de actividades por parte da Administración, xa que as cargas normativas non sempre están axustadas á realidade de medios e recursos dispoñibles.

Faise necesario unir esforzos para mellorar as ferramentas de control, os desenvolvementos informáticos e mecanismos de reporte de información ambiental, para racionalizar os esforzos e acadar unha estrutura áxil na que as empresas dispoñan de opcións asumibles para dar cumprimento á normativa, e a administración incremente a capacidade de avaliación da inxente cantidade de datos que se están a xerar a traveso dos reportes.

4.2. CONTEXTO NORMATIVO

A comunidade autónoma de Galicia exerce as competencias exclusivas para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe e na xestión en materia de protección do medio ambiente en base ao disposto nos artigos 149.1.23ª e 148.1.9ª da Constitución e no artigo 27.30 do seu Estatuto de Autonomía.

No exercicio desta competencia ditouse a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, que no seu capítulo I recolle as liñas básicas do funcionamento da inspección ambiental, establecendo así mesmo no artigo 32 que regulamentariamente se establecería o procedemento da inspección, o seu alcance, contido e efectos. Esta regulamentación atópase actualmente recollida no Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, que substitúe ao decreto inicial de 156/1995. Nesta norma desenvólvese o réxime xurídico da inspección ambiental en Galicia.

A nivel europeo a Recomendación 2001/331/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de abril de 2001, sobre criterios mínimos das inspeccións medioambientais nos Estados Membros, representa o punto de partida do acervo normativo comunitario en materia de planificación dos traballos de inspección ambiental.

Con posterioridade, a normativa de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) actualmente recollida na Directiva 2010/75/UE sobre Emisións Industriais (DEI) estableceu os requisitos mínimos relativos á planificación e realización das inspeccións a este tipo de instalacións.

Esta directiva trasponse no ordenamento nacional a través do Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de prevención e control integrados da contaminación e o seu regulamento no RD 815/2013. O capítulo III do RD 815/2013 desenvolve as obrigas en materia de inspección ambiental.

No ano 2024 produciuse unha revisión significativa da DEI que se recolle na Directiva (UE) 2024/1785 do Parlamento Europeo y do Consello, de 24 de abril de 2024. A súa transposición deberá realizarse antes do 01/07/2026. Isto vai supoñer un reto xa que o ámbito esténdese a un número moi superior de instalacións e sectores e implicará un esforzo extra na inspección e seguimento de instalacións IPPC que deberá reorganizarse de xeito eficiente e realista. É previsible que se deba realizar unha actualización do Plan unha vez trasposta a directiva á normativa estatal.

Por último, o Regulamento (UE) N° 660/2014, do 15 de maio, de modificación do Regulamento (CE) N° 1013/2006 relativo aos traslados de residuos, introduciu a obriga para os Estados Membros de contar con plans de inspección neste ámbito non máis tarde do 1 de xaneiro de 2017. Actualmente, estes regulamentos foron substituídos polo Regulamento (UE) 2024/1157 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, relativo aos traslados de residuos e que recolle o contido mínimo dos plans de inspección ambiental en materia de control de residuos transfronteirizos.

Enumérase a continuación a normativa mais relevante relacionada coa inspección ambiental:

Comunitario

- Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).
- Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- Regulamento (UE) 2024/1157 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de abril de 2024 relativo aos traslados de residuos, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1257/2013 e (UE) 2020/1056, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1013/2006.
- Regulamento (CE) N° 1013/2006 do parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xullo de 2006, sobre traslados de residuos.
- Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de abril de 2004 sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais.



Estatal

- Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.
- Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Autonómico

- Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

No Anexo I recóllese de xeito exhaustivo a normativa medioambiental en vigor no momento de redacción deste plan.

En resumo, as normativas europeas indicadas e o Decreto marco da Inspección Ambiental de Galicia recollen a obriga de contar cunha planificación en materia de inspección ambiental. O contido mínimo establecido por cada unha das normas, recóllese no presente documento de planificación.

4.3. A ORGANIZACIÓN

Na Comunidade Autónoma de Galicia, asígnaselle ao Servizo de Intervención Ambiental, dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, a función de "realización de actividades encamiñadas ao control do cumprimento da normativa ambiental", de acordo co artigo 12 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, vixente nos termos resultantes do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Adicionalmente, inclúense aos Servizos de Calidade e Avaliación Ambiental dos Departamentos Territoriais da

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na realización das inspeccións ambientais.


En base ao anterior, o esquema organizativo da Inspección Ambiental de Galicia é o seguinte:



A Inspección Ambiental de Galicia conta cun sistema de xestión de calidade (SXC), actualmente certificado baixo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 no que se controlan os procesos asignados pola normativa e os documentos de traballo empregados na execución dos mesmos.

Para a execución das competencias asignadas, a Inspección Ambiental de Galicia conta con 5 xefaturas de servizo e 22 prazas de persoal funcionario con funcións de inspección ambiental das escalas de ciencias, enxeñaría e veterinaria repartidos entre as diferentes unidades xunto con persoal técnico e administrativo de apoio .

Na actualidade o persoal inspector repártese entre os cinco servizos:



Unha das prazas no Servizo de Intervención Ambiental ten como principais funcións a coordinación da inspección ambiental e de mantemento do sistema de xestión da calidade.

Nos programas anuais de inspección concretarase o número de efectos dispoñibles en cada anualidade.

O Decreto de Inspección ambiental, no seu Capítulo III, recolle as características asignadas ao persoal inspector así como as súas facultades e obrigas.

Adicionalmente, o procedemento de xestión de persoal do SXC establece a elaboración e execución dos plans de formación dentro da Inspección Ambiental así como o proceso de cualificación do persoal inspector para o exercicio das súas funcións.

4.4. REDES DE INSPECCIÓN

4.4.1 REDIA

A Rede de Inspección Ambiental a nivel estatal ([REDIA](#)) constitúese como un instrumento de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de inspección ambiental para contribuír á protección do medio ambiente a través do desenvolvemento e mellora permanente da inspección ambiental.

Esta rede está integrada polos responsables das inspeccións ambientais das comunidades autónomas: actualmente forman parte de REDIA as 17 comunidades autónomas e Melilla. O ministerio con competencias en materia de medio ambiente participa en REDIA en calidade de Secretaría. A Comunidade Autónoma de Galicia foi membro fundador desta rede e exerceu a presidencia en diversas ocasións.

As actividades de REDIA lévanse a cabo principalmente baixo a estrutura de proxectos, propostos polo menos por tres membros, para a súa aprobación. O contido dos proxectos pode abarcar desenvolvemento de normativa, elaboración de guías, protocolos, manuais, ferramentas informáticas, realización de seminarios, xornadas técnicas ou creación de grupos técnicos de traballo en materias concretas, entre outros.

4.4.2 IMPEL

A Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental ([IMPEL](#)) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro das autoridades ambientais dos Estados membros da Unión Europea, os países adherentes e candidatos á UE, os países do Espazo Económico Europeo (EEE) e a Asociación Europea do Libre Comercio (AELC) e os candidatos potenciais a unirse á Comunidade Europea. Na actualidade, IMPEL conta con 56 membros de 36 países.

O obxectivo de IMPEL é crear o impulso preciso na Unión Europea para avanzar nunha aplicación máis eficaz da lexislación medioambiental, garantindo a implantación e o cumprimento efectivos da lexislación ambiental europea, promovendo a colaboración profesional, a información e o intercambio de mellores prácticas entre os reguladores ambientais.



As actividades de IMPEL tamén se levan a cabo a través de proxectos de sensibilización, desenvolvemento de capacidades, revisión *inter pares*, intercambio de información e experiencias sobre aplicación, a colaboración internacional en materia de aplicación, así como la promoción e apoio á viabilidade e aplicabilidade da lexislación medioambiental europea. Os ámbitos de aplicación dos proxectos agrúpanse nos seguintes equipos de expertos: auga e solo; ferramentas e enfoques transversais; protección da natureza; residuos e TFS e industria e aire.

Na páxina web de IMPEL atópase documentación de interese para a actividade inspectora en materia de avaliación de riscos ambientais, implantación de inspeccións derivadas da Directiva de Emisións Industriais (DEI), e outros aspectos medioambientais de interese.

A Inspección Ambiental de Galicia conta cunha extensa experiencia nas redes de inspección ambiental REDIA e IMPEL, o que asegura un coñecemento elevado e actualizado no ámbito ambiental.

4.5. COORDINACIÓN, COLABORACIÓN E COOPERACIÓN


4.5.1. Coordinación e colaboración

En aplicación do Decreto 137/2024 de estrutura da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ao Servizo de Intervención Ambiental correspóndelle a realización das actividades encamiñadas ao control do cumprimento ambiental nas competencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

Para levar a cabo o control do cumprimento ambiental, o servizo de Intervención Ambiental coordina a planificación, programación e xestión das inspeccións ambientais dentro do alcance do presente plan.

Para a realización das inspeccións ambientais, ademais do persoal inspector propio, cóntase coa participación do persoal da **Unidade de Policía adscrita de Galicia (UPA)**. A UPA conta con programas específicos de inspección dentro da planificación da Inspección Ambiental de Galicia.

Adicionalmente, cóntase coa colaboración doutras unidades administrativas, organismos e administracións:



4.5.2. Cooperación

A cooperación administrativa considérase imprescindible para a realización das actividades de control por parte da Inspección Ambiental de Galicia. Os mecanismos de cooperación entre as correspondentes autoridades administrativas desenvolveranse en procedementos independentes ao presente Plan de Inspección podendo incluílos nos programas de inspección anuais, no caso de acordos concretos.

A través da Unión Europea, o persoal da Inspección Ambiental de Galicia participou ao longo dos últimos anos en instrumentos TWINNING de cooperación internacional entre Administracións Públicas dos Estados Membros da UE e de países beneficiarios ou socios.

A comunidade autónoma de Galicia liderou tres proxectos Twinning en Macedonia do Norte e Georgia.



5. PLANIFICACIÓN

5.1. BASES DA PLANIFICACIÓN

Dando continuidade ao Plan de inspección 2019-2024, o principio xeral deste plan é a protección e mellora da saúde humana e do medio ambiente.

Este principio está presente no marco legislativo que aplica á vixilancia e control de actividades englobados no ámbito de aplicación deste plan, tanto a nivel comunitario e estatal como autonómico.

Este principio xeral complétase cos principios reitores que se indican de seguido, en liña coa política medioambiental da UE:

A precaución	Se unha acción ou política pode causar danos ao medio ambiente ou á saúde pública, e persiste a incerteza científica sobre os seus efectos, dita acción non debe aplicarse ata que se acheguen novas probas
A prevención	Unha ferramenta destinada a previr os danos ambientais, en lugar de reaccionar ante eles. Isto require a adopción de medidas preventivas para anticiparse aos danos ambientais e evitalos
A corrección da contaminación na súa fonte	De producirse xa o dano ao medio ambiente, quen contaminase están obrigados a tomar as medidas adecuadas para corríxilo na súa fonte
«Quen contamina paga»	De producirse un dano, quen contaminase están obrigados a tomar as medidas adecuadas para remedialo e a pagar os custos. Aplícase por medio da Directiva sobre responsabilidade ambiental, cuxo obxectivo é previr ou poñer remedio aos danos ambientais causados a especies ou hábitats naturais protexidos, á auga e ao chan
Racionalización e eficiencia no uso dos recursos	En aplicación deste principio, o presente plan recolle medidas encamiñadas a mellorar a eficiencia no sistema de inspección ambiental de Galicia

No que respecta aos instrumentos de planificación que constitúen o marco no que se insire o presente plan, este asume como principios e obxectivos os desenvoltos no marco xeral europeo, estatal e autonómico.

Destácanse na planificación estratéxica galega en materia medioambiental os seguintes documentos:



5.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Segundo o Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, a inspección ambiental exercerá as súas funcións respecto ás instalacións e ás actividades de calquera tipo que sexan susceptibles de afectar negativamente o ambiente e que se atopen ou desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este é por tanto tamén o ámbito de aplicación do Plan de inspección ambiental.

5.2.2. Ámbito territorial

A área xeográfica á que se aplicará o presente Plan de Inspección Ambiental, así como os programas anuais que o desenvolvan, é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.2.3. Ámbito material

Este Plan céntrase fundamentalmente nas instalacións con autorizacións, licenzas, permisos e demais requisitos esixidos na normativa de carácter ambiental sobre cuxa aplicación ten competencia a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.



Como establece o Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, esténdese o ámbito a todas as instalacións e ás actividades de calquera tipo que sexan susceptibles de afectar negativamente o ambiente e que se atopen ou desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito coordinado con outras unidades ou departamentos con competencias nas materias.

En concreto, as inspeccións poderán abarcar os seguintes aspectos:

Auga	A inspección límtase á comprobación da xestión das augas residuais xeradas no interior das instalacións e os seus recintos, verificando a súa vez o cumprimento dos límites establecidos na autorización, de xeito coordinado cos órganos de cunca.
Aire	Control e inspección das condicións de autorización das emisións das actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.
Residuos	• Control e inspección sobre a produción e xestión de residuos perigosos e non perigosos. • Control de traslados transfronteirizos de residuos dentro da competencia da comunidade autónoma.
Protección da calidade do solo	Control e Inspección sobre actividades potencialmente contaminadoras do solo.
Ruídos e vibracións	Exclusivamente asociado a actividade industrial.
Autorización Ambiental Integrada (AAI)	Inspección de actividades sometidas ao ámbito de aplicación do Real Decreto 815/2003, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
Avaliación de impacto ambiental	Control de actividades sometidas a avaliación de impacto ambiental cando sexa preciso en materia de fianzas ambientais.

Os rexistros das actividades obxecto deste plan detállanse no Anexo II.

5.2.4. Ámbito temporal

O ámbito temporal do Plan abarca o período comprendido entre os anos 2025 e 2030 ambos incluídos e o seu desenvolvemento levará a cabo mediante Programas de Inspección Ambiental anuais.

5.3. OBXECTIVOS

5.3.1. Obxectivos xerais

O obxectivo xeral do Plan de Inspección Ambiental é definir as liñas estratéxicas e o marco de actuación que debe servir de guía para a elaboración posterior dos sucesivos Programas anuais de Inspección, así como establecer a metodoloxía e os indicadores a empregar para determinar dun modo sistemático e obxectivo as instalacións e actividades que serán obxecto de inspeccións e a frecuencia das mesmas en función dos potenciais riscos, para lograr un nivel elevado de protección do medio ambiente de Galicia e asegurar un desenvolvemento sostible.

Así mesmo, perséguese con este plan establecer as bases que permitan seguir dotando de medios e dunha formación continua e axeitada ao equipo humano que conforma a inspección ambiental de Galicia e que posibilitou que se alcanzase un alto grado de profesionalización gracias a implicación persoal e colectiva.

Ademais, de acordo coa planificación en materia de residuos, incorpórase o obxectivo de promover unha política adecuada na xestión dos residuos industriais, diminuíndo a súa xeración e impulsar un correcto tratamento en consonancia coas políticas de loita contra o cambio climático e de avance cara unha economía máis circular.

5.3.2. Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos que desenvolven principios e obxectivo xeral do presente plan son os seguintes:

Obxectivo	Descrición
Garantir o cumprimento da normativa ambiental	O Sistema de inspección ambiental debe asegurar, cos medios e recursos dispoñibles, o cumprimento da normativa ambiental das instalacións e actividades incluídas no ámbito de aplicación deste plan
Reorientación da actividade cara ao enfoque preventivo	Preténdese lograr que un alto porcentaxe daquelas empresas que teñen un maior impacto ambiental se impliquen en maior medida e adquiran o compromiso de integrar os aspectos ambientais nas súas estruturas organizativas e procedementos de traballo, a través da implantación de sistemas de autocontrol na súa xestión ambiental.
Fomento do enfoque preventivo na propia acción de inspección ambiental.	O persoal de inspección ambiental, ademais de comprobar o cumprimento da normativa ambiental, debe poder instar aos responsables das actividades a tomar medidas adicionais de prevención cando se atopen situacións ou condicións que o persoal inspector pola súa experiencia considere que poderían derivar nun incidente que implicaría un dano para a saúde das persoas e o medio ambiente. Débense impulsar mecanismos para que as empresas reduzan o tempo empregado para a corrección daquelas situacións que supoñen un incumprimento das prescricións establecidas




	na normativa ambiental e que ocasionen un dano ao medio ambiente.
Mellorar o sistema de xestión de prioridades para a determinación das inspeccións a realizar	Con tal fin revisaranse os criterios que se viñan empregando para a avaliación de riscos, e nalgúns casos completaranse con outros novos. En canto á carga das inspeccións, a elaboración dos programas anuais, permitirá adecuala aos recursos humanos, materiais e orzamentarios dispoñibles.
Potenciar o sistema de inspección ambiental e incrementar a capacidade da inspección	Débense garantir os recursos humanos e materiais necesarios para o cumprimento dos plans e programas e promover a dixitalización da inspección ambiental, mediante a mellora das ferramentas informáticas e de xestión de información para acadar unha maior eficacia e eficiencia no proceso de inspección ambiental e coa relación cos interesados.
Promover a calidade, competencia técnica e mellora continua.	No proceso de implantación do plan, desenvólvense medidas e indicadores que permitan avaliar o grao de eficiencia da inspección e o grao de cumprimento das empresas. Aos indicadores propostos inicialmente no plan poderán incorporarse novos indicadores que axuden na avaliación dos obxectivos do plan, a medida que avancen as posibilidades achegadas polos desenvolvementos informáticos.

Dentro do Sistema de xestión da calidade introdúcense obxectivos anuais que complementan e concretan os establecidos no plan.

5.4. TIPOS DE INSPECCIÓN

De acordo co indicado no Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, as inspeccións poden clasificarse:



As inspeccións programadas son aquelas realizadas como parte dun programa de inspección previsto.



As inspeccións non programadas son aquelas inspeccións que, formando parte dun programa de inspección ambiental, a súa determinación realízase de xeito estimativo baseándose na experiencia doutros anos.

As inspeccións non programadas, dependendo do momento en que se realiza, clasifícanse:

Inspección preceptiva	Previas ao outorgamento dunha autorización
Inspección de oficio	Durante o funcionamento dunha autorización ou solicitadas pola Administración cando ten coñecemento polos seus propios medios da existencia de feitos que poden ser constitutivos de ameaza inminente de dano medioambiental, delito ambiental ou infracción administrativa, para os efectos de constatar a súa veracidade. Inclúense as emerxencias ambientais.
Inspección reactiva	Inspección en virtude de denuncia, para comprobar a veracidade dos feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa.
Inspección de seguimento	Inspección para comprobar a corrección de desviacións atopadas nunha inspección inicial das anteriormente indicadas.

No anexo III deste documento recóllese un esquema detallado dos tipos de inspección enmarcados dentro dos plans específicos deste plan e correlacionados co vector e sector ambiental.


5.5. ESTRUCTURA DO PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

O Decreto de Inspección Ambiental define o plan de inspección ambiental como o conxunto de obxectivos e actuacións definidas pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.

A principal medida deste plan para garantir a eficacia na inspección é establecer plans específicos en función das tipoloxías de suxeitos a inspeccionar.

Para acadar os obxectivos a desagregación nestes plans permite o deseño de mecanismos de control e actuacións específicas en función das particularidades de cada sector.

O presente Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2025-2030 estrutúrase nos seguintes plans específicos, segundo a tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas ou o alcance do Plan:



O alcance e contido de cada un dos plans específicos recóllese nos apartados correspondentes.

O conxunto de medidas e actuacións que conforman cada Plan van encamiñadas á consecución dos obxectivos do mesmo.

Nos programas anuais de inspección deben indicarse as inspeccións programadas e as inspeccións non programadas asociadas a cada un dos plans específicos.

5.5.1. Plan de inspección ambiental de instalacións IPPC

O Plan de Inspección Ambiental de instalacións IPPC é de aplicación ás instalacións de titularidade pública ou privada que desenvolva algunha das actividades recollidas no anexo 1 do RDL 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación e desenvolvidas no anexo 1 do RD 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industrias e de desenvolvemento da Lei IPPC.

As instalacións de xestión de residuos por eliminación en vertedoiro contan cun plan específico.


A Autorización Ambiental Integrada (AAI) é o permiso ambiental derivado da aplicación desta normativa. O obxecto deste plan de inspección é a comprobación do cumprimento da AAI por parte das instalacións afectadas, segundo o establecido no Anexo IV.

As instalacións deben centrar os seus esforzos en evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir e controlar a contaminación aos distintos vectores ambientais, mediante o establecemento dun sistema de prevención e control e a aplicación das mellores técnicas dispoñibles (MTDs), de acordo cos condicionantes da autorización e da normativa


ambiental, co fin de acadar unha elevada protección do medio ambiente e da saúde das persoas.

No rexistro de AAI, a data de novembro de 2024, constan 287 autorizacións.

A distribución territorial e sectorial das autorizacións recóllese nas seguintes gráficas:



Como resultado da avaliación de riscos ambientais das instalacións IPPC con AAI establece as periodicidades das inspeccións programadas de comprobación da AAI a estas instalacións:



Un 80% das instalacións IPPC teñen unha periodicidade trienal.

Coa experiencia de todos estes anos, estímase que cada ano realizaranse unha cantidade importante de inspeccións non programadas preceptivas, previas á autorización ou ampliación da autorización outorgada.

Como un obxectivo da xestión de calidade, en aras dunha mellor eficiencia no traballo da inspección ambiental e do órgano autorizante, preténdese mellorar a coordinación entre

ambos e poder compatibilizar, se é posible, en cada anualidade a inspección programada coa inspección preceptiva.

Para fomentar o enfoque preventivo na acción de inspección ambiental, o protocolo de verificación das actividades IPPC incorporará a realización dun informe provisional no que se incorporarán as desviacións detectadas e, no seu caso, as accións a desenvolver para corrixir as mesmas. Do resultado das alegacións ou achegas das empresas redactarase o informe definitivo, consonte a normativa vixente.

De acordo co indicado no RD 815/2013, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicaranse os informes resultantes das inspeccións a actividades con AAI, en base o establecido no Anexo IV.

Medidas

- A principal medida deste plan é a realización dos subprogramas anuais de verificación das AAI.
- Outra medida é a actualización do IRAM das instalacións tras cada verificación realizada.
- Como medida complementaria pero relacionada con este plan incorpórase no Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental o desenvolvemento na plataforma GAIA do módulo de seguimento ambiental e de novas funcionalidades en eINSPECCIONS.

5.5.2. Plan de inspección ambiental de traslados de residuos

O obxecto deste Plan é vixiar e controlar o traslado transfronteirizo de residuos e o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa ambiental así como detectar traslados contrarios a normativa aplicable, co fin de garantir o cumprimento da normativa ambiental.

As inspeccións de control de traslados de residuos transfronteirizos ven regulado no Regulamento (CE) nº 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos e séguese o documento elaborado en REDIA (Rede de Autoridades de Inspección Ambiental DE España) conforme ás recomendacións aprobadas por IMPEL en outubro de 2016.

A normativa europea esixe un Plan de Inspección para os traslados transfronteirizos, as inspeccións de traslados de residuos se realizan sobre as empresas de maior volume de intercambios transfronteirizos.

As actuacións de inspección dos traslados transfronteirizos realizaranse sobre:



O traslado de residuos dende países da UE á Comunidade Autónoma de Galicia

O traslado de residuos dende Galicia cara a outros países da UE

Operadores: establecementos, axentes e negociantes que interveñen nestes traslados

Indicar que o traslado desde ou cara a Galicia de residuos desde países de fóra da UE realizárase de forma coordinada co ministerio competente na materia.

Este plan específico ademais das inspeccións de control de traslados de residuos transfronteirizos, engloba as inspeccións de control de traslados de residuos no interior da comunidade autónoma de Galicia.

Os controis de traslados de residuos nas fronteiras Galicia-Portugal realízanse coa colaboración da Garda Civil e coordinárase coa Inspección ambiental de Portugal.

En Galicia, realízanse tamén, en colaboración coa Garda Civil, inspeccións de traslado de residuos no interior da Comunidade Autónoma. Para o control dos traslados de residuos dentro da comunidade séguese o RD 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

No programa anual indicárase inspeccións programadas que incluírán:

En estradas, que poden ser polo interior da Comunidade Autónoma ou ben nas fronteiras ou estradas próximas fronteiras

En operadores

En portos ou en ferrocarril

Para a realización das inspeccións seguirase procedementos normalizados.

Nestas inspeccións, co fin de mellorar a efectividade das instalación no ámbito de traslados transfronteirizos considérase imprescindible a cooperación entre as diferentes competencias na materia: Ministerio competente en materia de medio ambiente, inspectores de outras comunidades ou de países da UE, Seprona ou policía do país.


Medidas

- A principal medida deste plan é a realización dos subprogramas anuais de inspección de traslados de residuos.
- Outra medida é o establecemento do IRAM para esta tipoloxía de inspeccións. Preténdese recompilar toda a información recollida nas distintas plataformas e bases de datos relacionadas cos traslados de residuos. Esta medida desenvolverase nos programas anuais xa que parte da información é competencia ministerial e espérase que as posibilidades de avaliación vaian mellorando coa evolución das plataformas GAIA e eSIR.

5.5.3. Plan de inspección ambiental de xestores de residuos

O obxectivo deste plan é, analogamente aos plans de actividades IPPC, de acordo cun índice de risco, realizar unha planificación de inspeccións ás instalacións que teñan autorización de xestor de residuos.

En Galicia cóntase cun elevado número de instalacións de tratamento de residuos industriais. Na seguinte imaxe, obtida do PRIGA 2023-2030, indícase o número de instalacións de tratamento de residuos industriais existentes en Galicia.



Imaxe: Instalacións de tratamento de residuos industriais existentes en Galicia.

As instalacións de eliminación mediante depósito en vertedoiro inspeccionaranse neste Plan específico.

Pode observarse que a maior parte da capacidade dispoñible é para actividades de valorización de residuos.

As instalacións de xestores de residuos con autorización ambiental integrada contrólanse dentro do plan de inspección ambiental de instalacións IPPC.

O obxectivo deste plan específico, de acordo cun índice de risco ambiental, é realizar inspeccións a estas instalacións de valorización e/ou almacenamento, para comprobar a situación actual e que cumpre a normativa ambiental.

O PRIGA ten por finalidade promover unha política adecuada na xestión dos residuos industriais, diminuindo a súa xeración e impulsando un correcto tratamento en consonancia coas políticas de loita contra o cambio climático e de avance cara unha economía máis circular.


En colaboración coa Policía Autonómica preténdese realizar alomenos unha inspección a tódalas instalacións neste período.

Coa experiencia de todos estes anos, estímase que cada ano realizaranse unha cantidade importante de inspeccións non programadas preceptivas, previas á autorización ou ampliación da autorización outorgada.

Como un obxectivo da xestión de calidade, en aras dunha mellor eficiencia no traballo da inspección ambiental e do órgano autorizante, preténdese mellorar a coordinación entre ambos e poder compatibilizar, se é posible, en cada anualidade a inspección programada coa inspección preceptiva.

Derivado deste Plan actualizaranse os procedementos e aspectos a comprobar na inspección tendo en contra o fluxo de residuos da actividade a inspeccionar. No programa de inspección anual indícarase o fluxo ou sector a inspeccionar, tendo en conta as peculiaridades e problemática de cada fluxo de residuos.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de instalacións autorizadas por fluxo de residuos, segundo datos obtidos do PRIGA 2023-2030.



Indicar que moitas instalacións están autorizadas en distintos fluxos de residuos.

Medidas

- A principal medida deste plan é a realización dos subprogramas anuais de inspección a xestores de residuos.
- Outra medida é o establecemento do IRAM para esta tipoloxía de inspeccións. A avaliación dalgúns dos criterios de impacto presentan certa dificultade xa que se están a adaptar os códigos de operación á nova lei de residuos e a información xeográfica debe procesarse dun xeito preciso. Ademais, hai un número importante de instalacións autorizadas e a información sobre zonas sensibles non está en todos os casos dispoñible dun xeito que permita unha avaliación eficiente. O obxectivo é a implantación gradual do IRAM ata acadar a totalidade das instalacións ao longo do plan.
- Como medida complementaria pero relacionada con este plan incorpórase no Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GAIA.

5.5.4. Plan de inspección ambiental de vertedoiros

O Plan de Inspección Ambiental de vertedoiros ten como obxectivo o control ambiental destas instalacións de conformidade coa Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e en aplicación do Real decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Este plan é de aplicación a tódolos vertedoiros da comunidade autónoma, estean sometidos a AAI como á autorización sectorial de residuos. E con independencia da situación administrativa da súa autorización ambiental.

De acordo co Anexo VII do Real Decreto 646/2020 (Alcance das inspeccións), durante a fase de explotación dun vertedoiro, así como durante o período de vixilancia postclausura do mesmo, comprobarase o cumprimento das condicións da autorización e o correcto funcionamento dos vertedoiros de acordo co sinalado no artigo 17, cunha periodicidade mínima trienal.

En concreto, no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia constan como activos 15 vertedoiros IPPC e 6 non IPPC.

Medidas


- A principal medida deste plan é a realización dos subprogramas anuais de inspección a vertedoiros.
- Outra medida é a actualización do IRAM das instalacións tras cada inspección realizada.
- Como medida complementaria pero relacionada con este plan incorpórase no Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental o desenvolvemento na plataforma GAIA do módulo de seguimento ambiental e de novas funcionalidades en eINSPECCIONS.



5.5.5. Plan de inspección ambiental de outras Actividades

Este plan abarca aquelas inspeccións que non estarían englobadas nos plans específicos anteriores e que se incluírán nos programas anuais e que poden tratarse de sectores/ actividades concretas. Poderán ser anuais ou plurianuais, dentro do período do plan 2025-2030 e así se indicará nos programas anuais.

Este plan incluíría sectores como entre outros



Poderán establecerse estes Plans en relación a sectores ou situacións concretas, sempre que as circunstancias o aconsellen. Estes plans deberán ter unha duración menor que a do plan marco e definirán a xustificación, obxectivos e actuacións a realizar e se incorporarán aos programas anuais.


Medidas

- A principal medida deste plan é a realización dos subprogramas anuais de inspección a outras actividades.
- En materia de produción de residuos, realizarase unha programación tendo en conta e a peculiaridade ou problemática de algúns fluxos de residuos.
- De ser preciso, realizarase unha avaliación de riscos ambientais nos subprogramas específicos.

5.5.6. Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental

A Inspección Ambiental de Galicia ten como prioridade a promoción da calidade, o aseguramento da competencia técnica e a mellora continua dos seus procesos de traballo.

Este planificación lévase a cabo a través do Sistema de Xestión de Calidade da inspección ambiental e inclúe aspectos entre outros:



As medidas a desenvolver neste plan recolleranse nos programas anuais e no Sistema de Xestión da Calidade.


Como medida complementaria incorpórase o desenvolvemento na plataforma GAIA de novas funcionalidades nos distintos módulos que resulten de utilidade para a inspección ambiental.

5.6. PROGRAMAS DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

A execución do Plan de inspección plurianual debe ser flexible aos cambios, adaptándose aos recursos dispoñibles e a experiencia que se vai adquirindo mediante a súa implantación.

O plan executarase a través dos programas anuais que se desagregan nos distintos subprogramas.

Dentro do programa anual, cada subprograma quedará asignado a un dos plans específicos recollidos no Plan.



No programa anual indicárase o número de inspeccións realizadas asociadas a cada plan específico indicando o número de inspeccións programadas e o número de inspeccións estimadas non programadas.

Dentro de cada programa indicárase tamén a priorización do tipo de inspeccións de acordo coa normativa ambiental e a avaliación dos riscos ambientais.

5.7. PROTOCOLOS DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

O Sistema de Xestión de Calidade da Inspección Ambiental de Galicia inclúe a estrutura organizativa, as responsabilidades, a información documentada (manuais, procedementos ou protocolos, instrucións, rexistros...), os procesos e os recursos necesarios para levar a cabo as competencias asignadas.

No caso dos protocolos, o SXC contempla procedementos xerais que dan cumprimento aos requisitos xenéricos dos sistemas de xestión, procedementos de inspección e procedementos administrativos.

Os documentos do SXC actualízanse tras a aprobación do presente Plan de Inspección Ambiental e aprobaranse pola persoa responsable do SXC ou titular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, segundo proceda.

O fomento dos avances técnicos nas aplicacións informáticas permite mellorar a relación por medios electrónicos cos interesados e facilitar o traballo da inspección ambiental tanto na elaboración de actas, informes e reportaxes fotográficas como na tramitación administrativa do resultado das inspeccións, que potenciará unha maior eficacia e eficiencia.

5.8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN: MEMORIAS E INDICADORES AMBIENTAIS

5.8.1. Seguimento

Dentro do Sistema de Xestión da Calidade da Inspección Ambiental de Galicia, realízase un seguimento trimestral da execución do programa anual de inspección, co obxecto de facer un balance do mesmo e, de ser necesario, establecer actuacións para conseguir os obxectivos fixados.

5.8.2. Memorias

No primeiro trimestre do seguinte ano elaborárase un documento co balance e conclusións do programa anual.

No primeiro semestre do 2031 elaborárase un documento co balance e conclusións do plan plurianual 2025-2030.

5.8.3. Indicadores

Na elaboración deste Plan, ademais dos principios e obxectivos, é necesario uns indicadores que faciliten información que sexa posible avaliar o grao de execución dos obxectivos e liñas e medidas a realizar.

De seguido recóllense as medidas propostas precisando para cada unha delas os obxectivos aos que contribúe e os indicadores de seguimento da súa execución.

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola Inspección ambiental empregáranse dous tipos de indicadores:

➤ **Indicadores de actividade.** Proporciona información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten revisar a eficacia e avaliar resultados do traballo da inspección ambiental.

➤ **Indicadores de resultados:** Proporcionan información de cumprimento da normativa ambiental.

Asociado a cada indicador hai un obxectivo para conseguir (valor numérico) e o grao de cumprimento (porcentaxe que indica a cociente entre o efectivamente realizado e o obxectivo para conseguir).

5.8.3.1. Indicadores de actividade

Estes indicadores poden ser xenéricos ou poden estar adscritos a un Plan específico e proporciona o grao de execución do correspondente programa anual.



Indicador 1	Número de inspeccións anuais
Tipo de indicador	xenérico
Medida	Execución dos programas anuais de inspección
Obxectivo	Cumprir o 90% do número de inspeccións totais indicadas no Programa anual.

Indicador 2	Grao de execución de inspeccións non programadas
Tipo de indicador	xenérico
Medida	Realizar unha boa estimación das inspeccións non programadas anuais para cumprir a planificación. Para elo coordinarase cos servizos solicitantes para poder realizar previamente esta estimación.
Obxectivo	Cumprir o 100% do número de inspeccións non programadas

Indicador 3	Grao de execución de inspeccións programadas IPPC
Tipo de indicador	Plan de inspección ambiental de instalacións IPPC
Medida	Execución dos subprogramas anuais de inspección a instalacións IPPC
Obxectivo	Realizar unha boa planificación para lograr a periodicidade das inspeccións IPPC de acordo coa normativa (1 a 3 anos) e co índice de risco ambiental . Cada 3 anos deberá realizarse alomenos 1 inspección a todas as instalacións con AAI en alta, tendo en conta o índice de risco ambiental. No período do Plan deberá realizar alomenos 2 inspeccións a todas as instalacións con AAI en alta.



Indicador 4	Grao de execución de inspeccións a Vertedoiros
Tipo de indicador	Plan de inspección ambiental de vertedoiros
Medida	Execución dos subprogramas anuais de inspección a vertedoiros
Obxectivo	Cada 3 anos deberá realizarse alomenos 1 inspección a todos os vertedoiros, tendo en conta o índice de risco ambiental. No período do Plan deberá realizar alomenos 2 inspeccións a todos os vertedoiros.

Indicador 5	Grao de execución de inspeccións a xestores de residuos
Tipo de indicador	Plan de inspección ambiental de xestores de residuos
Medida	Execución dos subprogramas anuais de inspección a xestores de residuos
Obxectivo	No período do Plan deberá realizar alomenos 1 inspeccións a todas as instalacións xestores de residuos, de acordo co índice de risco.

Indicador 6	Grao de execución dos catro Programas anuais específicos de inspección
Tipo de indicador	Plans específicos de inspección ambiental
Medida	Execución dos subprogramas asociados aos plans específicos de inspección
Obxectivo	Realizar o 80% da inspeccións programadas en cada Plan específico de inspección ambiental.



Indicador 7	Actuacións de formación da inspección ambiental
Tipo de indicador	Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Realización de accións formativas para mellorar a calidade da inspección ambiental
Obxectivo	Realizar como mínimo un curso cada ano

Indicador 8	Actuacións de coordinación
Tipo de indicador	Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Realizar reunións co persoal da inspección ambiental e cos responsables da UPA para mellorar a coordinación.
Obxectivo	Realizar como mínimo dúas reunións cada ano

Indicador 9	Participación en REDIA e IMPEL
Tipo de indicador	Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Participación nas reunións de proxectos de REDIA e IMPEL para actualizar e homoxeneizar o traballo da inspección ambiental
Obxectivo	Participar no plenario de Redia e nun proxecto



Indicador 10	Dixitalización da inspección ambiental
Tipo de indicador	Plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Coordinación con Amtega e co resto das unidades da Dirección Xeral para desenvolver o módulo de seguimento e as novas funcionalidades do módulo de inspección en GAIA
Obxectivo	Conseguir neste período a implantación do módulo de seguimento e das novas funcionalidades en eINSPECCION

5.8.3.2. Indicadores de resultados

Estes indicadores refírense ao resultado das inspeccións en relación ao cumprimento da normativa ambiental.

Indicador 11	Grao de cumprimento das actividades con AAI
Tipo de indicador	Plan de inspección ambiental de instalacións IPPC
Descrición	Avalía o resultado deste tipo de inspeccións, de acordo coa valoración do grao de cumprimento: Total, moi alto, alto, medio, baixo e moi baixo. Este indicador tamén se desglosará por sector da actividade a inspeccionar para avaliar cada sector por separado (agropecuario, alimentario, industrial e residuos).
Obxectivo	Conseguir que as instalacións melloren e obter un grao de cumprimento da AAI sen desviacións moi relevantes para o medio ambiente ou cun porcentaxe moi baixo delas. O obxectivo é que a porcentaxe das actividades co grao de cumprimento baixo e moi baixo sexa <20%

Indicador 12	Desviacións das inspeccións de actividades con AAI por vector ambiental
Tipo de indicador	Plan de inspección ambiental de instalacións IPPC
Descrición	Avalía o resultado da inspección por vector ambiental de acordo cos condicionantes da AAI.
Obxectivo	O obxectivo é que o número de desviacións moi relevantes en cada un dos vectores ambientais sexa <10%



Indicador 13	Número de sancionadores iniciados
Tipo de indicador	Planes específicos de inspección
Descrición	Avalía o grao de cumprimento da normativa ambiental das instalacións inspeccionadas. Desglosarase tamén por cada plan específico para avaliar cada plan específico.
Obxectivo	Reducir a porcentaxe dos sancionadores iniciados co respecto as inspeccións realizadas ao finalizar este plan.

Indicador 14	Número de desviacións corrixidas das actividades con AAI
Tipo de indicador	Plan específico de inspección de actividades IPPC
Descrición	Avalía a corrección das desviacións detectadas dende a acta de inspección ata o informe final de inspección IPPC.
Obxectivo	Comprobar a eficiencia da actividade da inspección ambiental nas instalacións IPPC. O obxectivo é conseguir que un 20% das desviacións sexan corrixidas entre a acta e o informe definitivo.

Poderanse desenvolver novos indicadores tanto xerais como específicos en base aos novos desenvolvementos na plataforma GAIA. Estes indicadores incorporaranse nos programas anuais e nas actualizacións do Plan.

5.9. APROBACIÓN, REVISIÓN, ACTUALIZACIÓN E PUBLICIDADE

O Decreto de Inspección Ambiental de Galicia establece que a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental será a encargada da realización dos plans de Inspección Ambiental. A persoa titular deste dirección xeral, será quen os aprobe.

O Plan de Inspección Ambiental é o documento marco onde se establecen os principios e as liñas estratéxicas da inspección ambiental e a metodoloxía de avaliación de riscos das actividades afectadas e por ende a frecuencia de inspección das mesmas, así como os sistemas e indicadores a empregar na avaliación.



Os cambios normativos que supoñan novas obrigacións para os estados membros no caso da normativa comunitaria, ou novas adaptacións ou cumprimentos, poderán facer necesario a modificación, revisión, actualización ou ampliación do contido do Plan.

Outras circunstancias que poderían facer preciso a revisión do plan, derivarán da análise e avaliación dos programas anuais de inspección de acordo co sistema e indicadores descritos neste documento. A información obtida poderá aqueles aspectos que deban ser revisados no seguinte programa anual e/ou no propio Plan de Inspección Ambiental.

En todo caso, o artigo 8 do Decreto de Inspección Ambiental establece que o Plan de Inspección Ambiental será obxecto de revisión periódica, como mínimo, cada tres anos e, cando proceda, de actualización.

O artigo 13 do Decreto de Inspección Ambiental relativo á publicidade, recolle a obriga de que os plans e os programas de inspección ambiental, así como a memoria anual, deberán poñerse á disposición do público, entre outros, por medios electrónicos.

O vixente Plan de Inspección Ambiental de Galicia atoparase accesible na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia, tras a súa aprobación.


6. AVALIACIÓN DE RISCOS AMBIENTAIS

As normativas europeas xa comentadas que recollen a obriga de planificación e realización de inspeccións ambientais, establecen que a periodización das inspeccións realízase mediante a avaliación de riscos ambientais das instalacións e/ou operadores. Establecendo, en cada caso, os criterios mínimos a ter en conta para esta avaliación.

A nivel europeo, IMPEL ven recompilando e impulsando as metodoloxías de avaliación de riscos ambientais. Inicialmente foi desenvolta unha metodoloxía para dar resposta de xeito áxil ás obrigas establecidas pola Directiva 2010/75/UE de emisións industriais en materia de planificación das inspeccións. Na actualidade considérase que é unha ferramenta de gran utilidade para a planificación de calquera tipo de inspección ambiental.

A función da avaliación de riscos ambientais é establecer as periodicidades das inspeccións ambientais, converténdose nunha ferramenta imprescindible nos instrumentos de planificación.

Nestas avaliacións, defínese o concepto de RISCO como a función da gravidade/severidade das consecuencias (efecto) e a probabilidade de que estas consecuencias sucedan (probabilidade).



O EFECTO depende da fonte e do receptor (vulnerabilidade do medio) e represéntase polos criterios de impacto (IC). Da valoración dos criterios de impacto dunha instalación establécese a periodicidade inicial de inspección. Estes criterios só varían no caso de modificacións na instalación ou na súa contorna.

A probabilidade determínase considerando o cumprimento ambiental da instalación, a actitude do operador e a implantación de sistemas de xestión ambiental certificados. Quedan representados polos criterios de comportamento do operador (OPC) e avalíanse tras cada inspección de cumprimento ambiental sobre a instalación.

Estas metodoloxías adáptanse, se é o caso, a cada un dos plans de inspección ambiental recollidos neste documento.

6.1. INSTALACIÓNS IPPC CON AAI

En 2012, o proxecto IMPEL EasyTools, estableceu o Método Integrado de Avaliación de Riscos (IRAM) como instrumento para planificación das inspeccións ás instalacións sometidas á DEI, entre outras, e así asegurar a súa aplicación homoxénea en todos os Estados Membros.

Dende REDIA levouse a cabo un proxecto de adecuación desta metodoloxía á singularidade de España e ás circunstancias concretas das comunidades autónomas, asegurando unha implantación homoxénea desta ferramenta. A metodoloxía garante que se teñan en conta todos os aspectos que poidan afectar o medio ambiente.

Na metodoloxía IRAM a periodicidade da inspección ambiental dunha instalación IPPC con AAI ven determinada pola puntuación obtida no cálculo dos IC, en base ao seguinte acordo establecido en REDIA: o valor do factor “efecto” na fórmula do risco, corresponde ao maior valor que se repita entre os IC tidos en conta.

Os valores dos IC varían no intervalo de 0 a 5.

Tras realizar unha inspección de comprobación de cumprimento da AAI, o resultado obtido do promedio dos OPC pode variar o resultado da avaliación dos IC en ± 1 , ou ben, non producir efectos sobre o resultado inicial obtido.

A CATEGORÍA DE RISCO obtida ten asignada unha PERIODICIDADE DE INSPECCIÓN en base á seguinte táboa entre 1 e 3 anos:

Categoría de risco:	≤ 3	4	≥ 5
Periodicidade de inspección:	TRIENAL	BIENAL	ANUAL

En Galicia, aplícase o IRAM a **instalacións IPPC con AAI** segundo os criterios recollidos no Anexo V.

6.2. INSTALACIÓNS DE XESTIÓN DE RESIDUOS (EXCEPTO VERTEDOIROS)

En base á experiencia obtida nos plans e programas da Inspección Ambiental de Galicia, cómpre a aplicación dunha valoración de riscos ambientais das instalacións con actividades de xestión de residuos para establecer, de forma análoga ás actividades IPPC con AAI, periodicidades de inspección ambiental a este tipo de instalacións.

Quedan excluídas desta metodoloxía aquelas instalacións con AAI e os vertedoiros non IPPC, que contan coa súa avaliación específica.

En Galicia aplícase tamén a metodoloxía IRAM para establecer a periodicidade da inspección ambiental a estas instalacións. Esta periodicidade corresponde ao maior valor que se repita entre os IC tidos en conta.

Os valores dos IC varían no intervalo de 1 a 6.

Tras realizar unha inspección de comprobación de cumprimento da AAI, o resultado obtido do promedio dos OPC pode variar o resultado da avaliación dos IC en ± 1 , ou ben, non producir efectos sobre o resultado inicial obtido.

A CATEGORÍA DE RISCO obtida ten asignada unha PERIODICIDADE DE INSPECCIÓN en base á seguinte táboa entre 1 e 6 anos:

Categoría de risco:	≥6	5	4	3	2	≤1
Periodicidade de inspección:	ANUAL	BIENAL	TRIENAL	CUATRIENAL	QUINQUENAL	SEXENAL

En Galicia, aplícase o IRAM a **instalacións de xestión de residuos**, excepto vertedoiros, segundo os criterios recollidos no Anexo VI.

A avaliación do IRAM a estas instalacións realizarase de xeito gradual, mediante os programas de inspección ambiental.

6.3. VERTEDOIROS

O Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro establece no seu Anexo VII unha periodicidade mínima TRIENAL para as inspeccións ambientais deste tipo de instalacións.

O Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia conta cun reducido número de instalacións de eliminación de residuos en vertedoiro que se atopan afectados pola normativa IPPC. En base a isto, non se considera a aplicación dunha metodoloxía de avaliación de riscos específica para a asignación de periodicidades de inspección a este tipo de instalacións. Os programas anuais asegurarán o cumprimento da periodicidade mínima establecida na normativa sectorial.

Na comunidade autónoma de Galicia, continuando co criterio dos plans anteriores e en aplicación do principio de precaución, a periodicidade será **anual** para os vertedoiros activos. Para os vertedoiros non activos a periodicidade será trienal no caso de que non empezaran a operar e anual para os que están en fases de clausura ou postclausura.

6.4. TRASLADO TRANSFRONTEIRIZO DE RESIDUOS

O Regulamento 2024/1117 de Traslados Transfronteirizos de Residuos (TFS) establece unha planificación das inspeccións mediante avaliación de riscos. En base á información dispoñible para a Inspección Ambiental de Galicia e en aplicación do citado Regulamento e os documentos técnicos elaborados polo grupo de expertos de residuos e TFS dentro de IMPEL establécese no Anexo VII o IRAM correspondente.

6.5. OUTRAS ACTIVIDADES

